

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 6 DE NOVEMBRO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día seis de Novembro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 30 de Outubro pasado.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don Carlos Ribas Domínguez**, veciño da Quinza, para que no p.k. 596,96 da N-120 do devandito lugar, poida proceder á instalación dunha banda corporativa e logotipos. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 307.072 pesetas.

A **Dona Amparo Losada Pousa**, veciña de San Cristovo, para que no devandito lugar poida proceder á construción dunha vivenda unifamiliar illada; as obras deberán axustarse á documentación técnica aportada; solicitará no seu día licencia de primeira ocupación. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 121.405 pesetas.

### **3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-**

Non houbo.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Circular 52/95, sobre matanzas domiciliarias.

Do Goberno Civil, comunicando incoacción establecemento público, expte. 540/95.

### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, concede unha subvención por importe de 100.000 pesetas á Asociación "Hermandade Deportiva Sarmiento", pola celebración no pasado verán do Torneo Verán de Baloncesto no Pavillón Polideportivo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Outubro presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 111.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 6/95, por importe de 2.709.000 pesetas, con cargo á subvención destinada ó curso do

Fondo Social Europeo (Viticultor); aproba tamén o nº 7/95, por importe 500.000, con cargo a unha subvención concedida por Caixa Ourense, para dotar ó Conservatorio de Música de medios para as ensinanzas de grao medio.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba a liquidación das altas do exercicio do I.A.E. correspondentes ó primeiro, segundo e terceiro trimestre do presente exercicio económico.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.**

Non houbo.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose o presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.